

LALÍN.NET

Editor: BENITO GARCÍA CARRIL

ISAAC J. LEMUS CIBRÁN, avogado, colexiado núm. 2051 do Colexio de Avogados de Santiago, con domicilio profesional na rúa Doutor Maceira, 13-baixo de SANTIAGO DE COMPOSTELA (teléfono 981530500 e enderezo electrónico isaaclemus@avogacia.org), actuando en nome e por mandato da entidade **COBIDEZA S.COOP GALEGA**, con CIF F36211019 e domicilio social en Cercio s/núm., concello de LALÍN (36596 - Pontevedra),
EXPOÑO:

Primeiro.- Que o pasado día 04.08.2022 no medio dixital denominado "LALÍN.net Portal de información local" apareceu unha información, a modo de noticia, referida á entidade COBIDEZA baixo o titular "LA MOROSIDAD, CON COBIDEZA A LA CABEZA, PONE EN RIESGO EL COOPERATIVISMO DEZANO".

Esta publicación resulta incerta, inexacta e inxuriosa, por canto atribúe a COBIDEZA unha débeda inexistente así como a venda de leite a Francia con fins especulativos, feitos que non se corresponden coa realidade e cuxa difusión atenta contra a honra e a boa fama desta cooperativa, o cal pode ter consecuencias económicas negativas.

Segundo.- A Lei orgánica 2/1984, de 26 de marzo, reconece a toda persoa física ou xurídica o dereito a rectificar a información, difundida por calquera medio de comunicación social, de feitos que a aludan, que considere inexactos e cuxa divulgación poida causarlle prexuízo.

Regúlase o exercicio deste dereito dunha forma clara e sinxela, e sinalando que o medio de comunicación debe publicar a rectificación «dentro dos tres días seguintes ao da súa recepción».

Terceiro.- En concreto, as informacións cuxa inmediata rectificación se solicita, por ser totalmente incertas, son as seguintes:

1. Na noticia alúdese a unha débeda "activa e persistente" de COBIDEZA con XUNCOGA do seguinte modo:

En el caso dezano, y el citado de Xuncoga, las deudas de sus socios alcanzan los seis ceros y sólo uno de ellos, COBIDEZA, presenta facturas pendientes de pago (deuda activa y persistente), de algo más de 600.000 €.

[...]

Pocos meses después (al pasado 23 de julio), COBIDEZA presentaba sus cuentas en asamblea. Se habló de un "crecimiento de un 11%" que algunos medios interpretaron como "beneficio" que no es tal ya que acumula (entre otras muchas) la citada deuda de 600.000 con su "participada" Xuncoga.

O que se acaba de transcribir resulta rotundamente falso, por canto COBIDEZA, non ten ningunha débeda “activa e persistente” con XUNCOGA, senón as normais relacións comerciais con esta entidade na que participa en máis dun 40% e das que se mantén ao corrente de pago.

2. Seguidamente ao dito no punto anterior, na noticia dise que COBIDEZA vende o leite que producen os seus gandeiros a Francia, produto co que especula este país no mercado lácteo europeo:

Cobideza vende su leche (55 millones de litros, a los que se suman 700.000 de ecológico que van a otro canal) a Francia, principalmente para ser trasformada en polvo con el que el país galo especula en el mercado lácteo europeo.

Igualmente falsa resulta esta afirmación, por canto COBIDEZA, á marxe do leite que destina á produción de queixo baixo a marca “Dona Cobiña”, ten contrato vixente e vende a súa produción a Industrias Lácteas Asturianas, SA, coñecida no sector como ILAS e con domicilio social en Anleo - Asturias, que opera coa marca comercial “Reny Picot”, a cal solo pode poñerse en relación co país galo por quen ignore que se trata dunha marca fundada en España fai máis de 60 anos.

Cuarto.- O contido da noticia que se acaba de poñer de manifesto non é que non se axuste á realidade, senón que se trata de puras invencións, supoñen unha difamación, un ataque e unha intromisión ilexítima no ámbito de protección do dereito ao honor que asiste á entidade que represento e que ten consecuencias graves sobre o seu bo nome comercial e o seu prestixio no mercado e na sociedade.

En particular, difundir a notifica falsa de que COBIDEZA ten débedas dunha contía tan elevada ou que vende o seu leite a Francia con fins especulativos, son afirmacións que afectan á súa solvencia e reputación, ao seu crédito no mercado, pilar fundamental para unha entidade cooperativa cunha amplísima base social e que, ademais do leite líquido, opera no mercado mediante a comercialización dos seus produtos. É dicir, debido ás características desta entidade o dano que provocan estas noticias falsas proxéctase nun dobre plano: afecta á confianza da ampla base de socios cooperativistas e, igualmente, á boa fama respecto dos distintos axentes que operan no mercado (proveedores, compradores, distribución, etc).

Por isto, COBIDEZA resérvase o dereito a reclamarlles polo dano reputacional e os prexuízos que se deriven da notifica que difunden, que é soamente froito da pura invención de vostedes.

Quinto.- En relación coa protección do honor e a boa reputación das persoas xurídicas, signifícolle que tanto o Tribunal Constitucional como o Tribunal Supremo recoñecen expresamente a titularidade do dereito ao honor por parte das persoas xurídicas de dereito privado, doutrina que se pode resumir así:

La primera cuestión que debe ser objeto de precisión es que las personas jurídicas también son titulares del derecho al honor, en la vertiente de buen nombre comercial de la empresa o de prestigio de la misma, que suponen una proyección pública del buen nombre y consideración ajenas, con trascendencia en el mercado. Las personas jurídicas pueden ser titulares, así, de un reconocimiento que los demás hacen de su dignidad, seriedad, probidad, solvencia, etc., por lo que también son susceptibles de sufrir un ataque o infracción de su honor o prestigio. Así, como se exponía en Sentencia de 9 de octubre de 1997 el honor, fama o prestigio de una persona jurídica es indudable e indiscutible; no se puede ofender a una persona física ni tampoco a una jurídica; una persona jurídica que es atacada en su buena fama, su prestigio o su honor, tiene indudablemente acción para su protección, sea persona jurídica de tipo personalista (universitas personarum), sea de tipo patrimonialista (universitas bonorum).

Por último, destácolle que de acordo coa sentenza 139/2007 do Tribunal Constitucional, a liberdade de información, dado o seu obxecto de posta en coñecemento de feitos, cando comporta a transmisión de noticias que redundan en descrédito dunha persoa, para que poida prevalecer sobre o dereito ao honor esixe que a información cumpra o requisito da veracidade, a diferencia do que acontece coa liberdade de expresión, que protexe a emisión de opinións. Por veracidade debe entenderse o resultado dunha razoable dilixencia por parte do informador para contrastar a noticia de acordo con pautas profesionais e axustándose ás circunstancias do caso, aínda cando a información, co transcurso do tempo, poida máis adiante ser desmentida ou non resultar confirmada.

Polo exposto, de acordo co establecido no artigo 2 da LO 2/1984, e facendo reserva expresa do exercicio das accións penais ou civís, incluía a reclamación de danos e prexuízos polo dano reputacional no mercado, que puideran asistir a COBIDEZA polas informacións difundidas, **SOLICITO A INMEDIATA RECTIFICACIÓN** da noticia publicada en "LALÍN.net Portal de información local" nos seguintes términos:

1. Que as informacións que se recollen na citada noticia e aludidas no punto terceiro deste escrito son falsas, en tanto que COBIDEZN non ten tal débeda "activa e persistente" con XUNCOGA por importe de máis de 600.000 € e, igualmente, que COBIDEZA non vende leite a Francia.
2. Que esta rectificación, nos términos expostos, debe levarse a cabo coa mesma relevancia a aquela en que se publicou ou difundiu a información falsa cuxa rectificación se solicita.

Santiago, 11 de agosto de 2022



Asdo. Isaac J. Lemus Cibrán